

Realiza as seguintes actividades:

1.- a) Identifica as seguintes formas litorais

b) Indica cales son formas de erosión e cales de sedimentación




A: _____



B: _____



C: _____



D: _____



E: _____



F: _____

2.- Completa o seguinte texto con termos axeitados:

"As costas _____ presentan formas de tipo cantil, con promontorios, arcos e _____ ao pe dos primeiros. Son costas sometidas á acción de _____, polo contrario as costas baixas son de relevo _____, predominando a _____. Nestas últimas as _____ determinan o movemento das areas ao longo da costa, formando _____. Se estas prolongacións de area enlazan illas forman _____, mentres que se pechan baías e as transforman en lagoas costeiras temos _____"

3.- Indica que tipo de risco mostra a figura seguinte. Sinala tamén en que dirección circulará a corrente de deriva.



Respostas:

1. a)

A: frecha litoral

B: rasa costeira

C: arco mariño

D: delta

E: tómbolo

F: plataforma de abrasión

b) Son formas de erosión: B, C, F; e de sedimentación: A, D, E.

2.- "As costas **altas** presentan formas de tipo cantil, con promontorios, arcos e **plataformas de abrasión** ao pe dos primeiros. Son costas sometidas á acción de **erosión**, polo contrario as costas baixas son de relevo **suave** predominando a **sedimentación**. Nestas últimas as **correntes de deriva** determinan o movemento das areas ao longo da costa, formando **frechas / barras**. Se estas prolongacións de area enlazan illas forman **tómbolos**, mentres que se pechan baías e as transforman en lagoas costeiras temos **albufeiras**".

3.- A figura mostra a modificación do litoral por interrupción da corrente de deriva, alterando os procesos de erosión e sedimentación. A corrente de deriva circula dende esquerda a dereita porque os a sedimentación aumenta antes dos novos obstáculos mentres que a erosión faino despois, corrente abaixo.

